



BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA ABERTA DE AXUDAS DE APOIO A PROCESOS E ACTIVIDADES CULTURAIS 2018-2019

A Concellaría de Acción Cultural quere impulsar a recuperación da vitalidade da cidade mediante a identificación e promoción de iniciativas e accións que xorden do tecido cultural co obxectivo de fomentar a súa autonomía e consolidación.

Concentrada nesa finalidade, esta convocatoria tenta favorecer a diversificación de propostas e potenciar novos ámbitos de creación e investigación, fortalecer o diálogo entre tradición e vangarda cultural e promocionar espazos da cidade que acollan procesos e actividades culturais nos lugares públicos ou privados como parques, prazas, rúas, solares, mercados, centros escolares, centros cívicos, etc. Asemade, a convocatoria persegue posibilitar novos xeitos de pensar e facer cultura libre en Compostela e contribuir ao recoñecemento do traballo dos axentes culturais, tendo en conta a situación de precariedade do tecido cultural.

PRIMEIRA.- FINALIDADE E OBXECTO

Estas bases conteñen os criterios e o procedemento para conceder as axudas municipais dirixidas á promoción de procesos e actividades culturais e artísticas de amplo espectro orientadas a todo tipo de públicos e idades, que respondan aos criterios xerais de valor artístico, interese social, innovación, diversidade, redistribución territorial, desestacionalización da oferta cultural e traballo en rede.

As subvencións concederanse consonte os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrència, non discriminación e igualdade. Os procesos e actividades subvencionadas realizaranse con suxeición á normativa legal aplicable (en especial, a lexislación reguladora de réxime local e das subvencións públicas).

SEGUNDA.- ENTIDADES SOLICITANTES

Poderán solicitar estas subvencións as persoas físicas ou xurídicas, así como as sociedades civís e comunidades de bens –ou calquera outra agrupación de persoas sen personalidade xurídica propia–, así como as unións temporais de empresas, dedicadas profesionalmente á produción de actividades culturais e artísticas, que teñan a súa sede social en Galicia. Exceptúanse as asociacións e restantes entidades sen fins de lucro.

TERCEIRA.- IMPORTE DAS SUBVENCIÓNS

O importe global do crédito destinado a financiar estas axudas é de cen mil (100.000,00) euros con cargo á partida orzamentaria 040 33400 47901. Polo seu carácter plurianual, a distribución para a anualidade 2018 será de oitenta mil (80.000) euros e para a anualidade de



2019 de vinte mil (20.000) euros.

A cantidade asignada para cada actividade subvencionada poderá chegar ata un máximo do 80% do seu orzamento. O importe máximo das subvencións será de 15.000 euros por proxecto e entidade solicitante.

CUARTA.- ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES E GASTOS ELIXIBLES

As actividades e procesos subvencionables son aqueles de natureza cultural, nomeadamente: festivais, ciclos de programación, actuacións de teatro, danza, circo, maxia, performance, arte en acción, concertos, arte sonora, poesía, audiovisuais, exposicións, laboratorios e calquera outro tipo de accións multidisciplinares que teñan lugar nun único espazo ou en varias localizacións dentro do termo municipal de Santiago ao longo dunha ou varias xornadas; dirixidos a diversificar a oferta cultural municipal en calquera das súas manifestacións.

As actividades subvencionables poderán ser Festivais, obradoiros, ciclos, conferencias, cursos, espectáculos, concertos e outros.

As actividades subvencionadas deberán desenvolverse no municipio de Santiago de Compostela entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de maio de 2019.

Son gastos elixibles son todos os que se lle imputen a actividade, é dicir, os gastos necesarios para o desenvolvemento da mesma. Non son subvencionables os gastos derivados da adquisición de bens inventariables como inmobles, vehículos, equipos informáticos, maquinaria e, en xeral, aqueles que teñan o carácter de investimento ou equipamento. Tampouco son subvencionables os gastos financeiros, notariais, rexistrais, periciais, multas, sancións e recargos administrativos ou penais nin os tributos directos a cargo dos beneficiarios coma, por exemplo, o IVE.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días hábiles, contados a partires do día seguinte da publicación da convocatoria no BOP. As solicitudes presentaranse no rexistro do Concello de Santiago de Compostela ou calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

SEXTA.- SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse seguindo o modelo do Anexo 1 acompañadas da seguinte documentación:

- Copia do CIF da entidade.



CONCELLO DE SANTIAGO

- Copia do DNI do solicitante e/ou de quen o represente.
- Certificados de ausencia de débedas da Axencia Española de Administración Tributaria, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Xunta de Galicia.
- Certificado do número de conta bancaria.
- Declaración de non incorrer en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas
- Declaración de outras axudas públicas ou privadas, solicitadas ou concedidas para a mesma actividade.

SÉPTIMA.- CONDICIÓNS E COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS

1. A contía das subvencións reguladas nestas bases non poderá, ailladamente ou en concorrencia con outras subvencións das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, ou con outros ingresos ou recursos, propios ou alleos, superar o custo da actividade subvencionada.

2. As subvencións reguladas nestas bases son compatibles con outras subvencións ou axudas de outras administracións públicas ou entidades privadas, sen prexuízo do que dispoña a normativa reguladora destas últimas e sempre que se cumpra o requisito previsto no apartado 1 anterior.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos, o instrutor do procedemento requirirá que se emende no prazo máximo de 10 días coa advertencia de que, noutro caso, entenderase que a persoa interesada desiste da solicitude e esta será arquivada sen máis trámites.

4. A administración municipal comprobará de oficio a ausencia de débedas con ela das entidades e persoas solicitantes. No caso de existiren suporán a denegación automática da solicitude e/ou do pago.

5. O beneficiario informará en cada momento da concesión doutras axudas.

OITAVA.- PUBLICACIÓN

O Concello de Santiago publicará estas bases e as resolucións derivadas como a relación dos beneficiarios e os importes das axudas concedidas na Base Nacional de Datos de Subvencións e na súa sede electrónica oficial. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

NOVENA.- RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS



1. O procedemento de concesión das subvencións tramítase en réxime de concorrencia competitiva.
2. A proposta da concelleira delegada de acción cultural, a resolución deberá ditarse no prazo máximo de catro meses desde que conclúa o prazo de presentación de solicitudes. Será motivada e mencionará as persoas e entidades beneficiarias e a contía das axudas concedidas.
3. A Comisión avaliadora estará formada polos seguintes membros:
 - Presidente/a: o/a director/a-xerente do Auditorio de Galicia.
 - Vogais: 2 técnicas/os da área de Acción Cultural do Concello nomeadas/os pola concelleira delegada de acción cultural; e outras/os dúas/dous representantes nomeadas/os polas asociacións profesionais do sector cultural da cidade (Música, Escena, Artes Visuais, Literatura, Xestión Cultural) que o Concello convidará a formar parte de forma rotatoria anualmente, ou profesionais independentes que non manifesten interese particular nalgunha das actividades ou proxectos presentados.
 - Secretario: funcionaria/o municipal nomeada/o pola concelleira delegada de Acción Cultural, que actuará con voz pero sen voto.

DÉCIMA.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

Os criterios de avaliación das solicitudes son os seguintes:

A traxectoria do proxecto	Até un máximo de 3 puntos A razón de 1 punto por cada convocatoria anual realizada con anterioridade a 2018.
A traxectoria profesional das/os solicitantes	Até un máximo de 4 puntos A razón de 1 punto por cada ano acreditado de actividade cultural.
A innovación ou a inexistencia de actividades semellantes no ámbito ao que se dirixe	Até un máximo de 10 puntos: <ul style="list-style-type: none">- 5 puntos se non existe unha proposta semellante en Galicia- 3 puntos se non existe unha proposta semellante no Concello de Santiago- 2 puntos se o público ao que se dirixe non ten unha proposta específica no ámbito cultural no que se proxecta.

A creación de novos públicos	4 puntos para propostas orientadas cara: - público mozo (2 puntos) - persoas maiores (1 punto) - colectivos en risco de vulnerabilidade social: persoas en situación de desemprego, persoas con diversidade funcional, persoas emigrantes, entre outros. (1 punto)
A integración da perspectiva de xénero	4 puntos
A posta en valor do patrimonio cultural material e inmaterial	3 puntos
O equilibrio territorial na oferta cultural con especial atención ao rural	Até un máximo de 6 puntos. A razón de 1 punto por cada actividade que desenvolva nas parroquias rurais
O cofinanciamento	Até un máximo de 6 puntos O grao de cofinanciamento será valorado a razón de 1 punto por cada 10% de financiamento externo á organización desta esta convocatoria

UNDÉCIMA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas da/o beneficiaria/o:

- a) Realizar a actividade que motiva a concesión da subvención.
- b) Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión ou disfrute da subvención sobre o 100% dos custes da actividade.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello, así como calqueroutras de comprobación e control financeiro dos órganos competentes do Concello, nacionais ou comunitarios, e aportar a información que lle requiran no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle ao Concello a solicitude e obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas cando coñeza esa circunstancia e, en todo caso, á xustificación da aplicación que lles deu aos fondos percibidos.
- e) Facer constar en todas as actividades que están subvencionadas polo Concello de Santiago de Compostela.
- f) Conservar os documentos xustificativos dos fondos recibidos



g) En xeral, as que prevé o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DUODÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

1. O pagamento das axudas farase efectivo a partir da data da resolución definitiva de concesión e realizarase sempre que se acredite que a actividade foi executada de acordo co proxecto presentado e se xustifique correctamente o seu emprego, todo isto sen prexuízo do réxime de pagamentos a conta.

As/os beneficiarias/os percibirán un adianto do pago por valor do 80% da axuda concedida para actividades que se desenvolvan en 2018, ao recibir a notificación da concesión ou ao inicio da actividade subvencionada, salvo solicitude expresa en sentido contrario. Os anticipos non terán que presentar aval segundo o establecido na Lei de Subvencións e o 20% restante percibirano logo da correcta xustificación.

2. O prazo de xustificación das actividades subvencionadas en 2018 será o 31 de decembro de 2018 e en 2019 será do 30 de xuño de 2019. Transcorrido este prazo sen que se presente a xustificación, requirirase a beneficiaria/o para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de xustificación neste prazo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

3. Non se poderá realizar o pagamento da subvención se o beneficiario non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e da Seguridade Social, ou é debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha outra débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración municipal.

4. Será requisito necesario para o pagamento da subvención a entrega dunha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

5. No suposto de que o importe correctamente xustificado sexa inferior ao orzamento presentado coa solicitude, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

6. A documentación xustificativa da subvención estará composta por:

- Memoria de actividade.
- Balance dos ingresos e gastos xerados na totalidade do proxecto.
- Relación completa de todos os gastos imputados á actividade obxecto da subvención, polo importe total do gasto. A relación de gastos deberá reflectir as contías con IVE e sen IVE (que



non é gasto sub.

- Relación de subvencións, achegas ou outros recursos concedidos para o mesmo obxecto por outras administracións públicas.
- Xustificantes, orixinais ou copias compulsadas dos gastos imputados á actividade obxecto da subvención, polo importe igual ou superior ao orzamento, de conformidade co enviado polo beneficiario na solicitude. Non se aceptarán as facturas en cuxo concepto non se estableza de maneira clara e discriminada o obxecto do ben, a obra e/ou o servizo facturado.
- Certificación bancaria acreditativa da realización dos pagamentos correspondentes a todos os gastos imputados á subvención concedida.
- Catálogos, programas, carteis, folletos, blogs ou webs orixinais empregados para a difusión e promoción da actividade e copia en formato CD, DVD ou arquivo dixital, dos soportes visuais, gráficos ou sonoros empregados. A documentación dixital poderase achegar por vía electrónica ou telemática e para os únicos efectos de comprobar a realización da actividade.

DÉCIMO TERCEIRA.- MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO

1. A alteración das condicións que se teñan en conta para conceder as subvencións e a obtención concorrente doutras subvencións, axudas ou recursos –ou doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras–, pode dar lugar á modificación da resolución inicial de concesión e, eventualmente, á súa revogación nos termos establecidos na súa normativa reguladora. Nese caso, o Concello de Santiago de Compostela pode reclamar o reintegro total ou parcial da suma concedida á entidade beneficiaria nos termos anteriormente estipulados.
2. Procederá a nulidade e revogación das subvencións concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos de incumprimento das obrigas anteriormente sinaladas, nos casos e termos establecidos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como polo título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en particular polo incumprimento de calquera dos requisitos e obrigas estipulados nesta convocatoria pública.
3. O reintegro do importe percibido, cando proceda, rexeráse polo procedemento establecido no artigo 38 e no título VI da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como polo título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.




DÉCIMO CUARTA.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Consonte a Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Subvencións» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Concellaría de Acción Cultura do Concello de Santiago de Compostela. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a antedita concellaría mediante o envío dunha comunicación ao enderezo: Teatro Principal Rúa Nova, 21. 15705. Santiago de Compostela ou por correo electrónico ao enderezo tprincipal@santiagodecompostela.gal.

Santiago de Compostela, 12 abril de 2018

Martiño Noriega Sánchez
Alcalde de Santiago de Compostela



CONCELLO DE SANTIAGO

ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE

1.- SOLICITANTE

1.1.- EMPRESA / PERSOA SOLICITANTE

Nome ou razón social	
Tipo de entidade	
CIF/NIF	

1.2.- DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Domicilio	
Localidade	
Provincia	
Teléfonos	
Páxina web	

1.3.- REPRESENTANTE DA ENTIDADE/EMPRESA SOLICITANTE


Nome e apelidos	
DNI/NIE	
Teléfonos	
Correo electrónico	

2.- DATOS DO PROXECTO

Denominación	
Edicións realizadas	
Lugares de celebración	
Datas de celebración	
Orzamento Total	
Cantidade solicitada	

a) Público ao que se dirixe

--



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

b) Descrición do proxecto (600 palabras)

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the user to write the project description.




**CONCELLO DE
SANTIAGO**

3.- TRAXECTORIA DO/A SOLICITANTE

a) Curriculum vitae ou memoria de actividades (500 palabras)

4.- ORZAMENTO



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

4.1.- Orzamento de gastos

	2018	2019
Programación (cachés)		
Persoal		
Produción		
Medios técnicos		
Promoción e publicidade		
Gastos xerais		
Outros gastos		
subtotal		

Total Global:

4.2.- Orzamento de ingresos previstos

TOTAL (Cantidade e %)	

4.3.- Outras axudas solicitadas

TOTAL (Cantidade e %)	